



# aula

## CASTELAO

1886-1950

1964  
LETRAS  
ALEGAS

### a súa vida

**A**lfonso Daniel Rodríguez Castelao nace na vila mariñeira de Rianxo, en 1886, como Rafael Dieste ou Manuel Antonio. Con nove anos de idade súa nai e máis el trasladáronse á Pampa arxentina a reunirse co seu pai.

De regreso a Rianxo, estudou a carreira de Medicina en Santiago, onde se licenciou no 1908. Abandonou o exercicio da medicina definitivamente ao opostrar ao Instituto Xeográfico e Estatístico, con destino en Pontevedra.

Como galeguista, adheriuse ás Irmandades da Fala desde os

primeiros momentos e fundou a revista NÓS.

En 1931, ao proclamarse a República, foi elixido deputado en representación do Partido Galeguista para as Cortes Constituíntes. Trala guerra exiliouse na Arxentina, onde realizou un gran traballo de divulgación galeguista e onde morreu o 7 de xaneiro de 1950.

Foi enterrado no panteón que o Centro Galego de Bos Aires ten no cemiterio da Chacarita e alí estiveron os seus restos ata que, foron trasladados ao Panteón de Galegos Ilustres de San Domingos de Bonaval en Santiago.

### a súa obra

#### UN OLLO DE VIDRO

*Certo día fitoume unha vaca. ¿Que coidará de min?, Pensei eu; e naquel intre a vaca baixou a testa e seguíu comendo herba. Agora xa seu que a vaca soamente dixo:  
- Bo, total un home con anteollos.*

*E ó mellor eu non son máis que o que coidou a vaca. Velahí a ledicia de pensar que cando a miña caveira estea ó descuberto xa non poderá xuzgarme ningunha vaca.*

CEGO DA ROMERÍA (1913). / DIARIO (1921). / UN OLLO DE VIDRO. MEMORIAS DUN ESQUELETE (1922). / 4. COUSAS (1926, 1929). / CINCOENTA HOMES POR DEZ REÁS (1930). / AS CRUCES DE PEDRA NA BRETaña (1930). / NÓS (1931). / OS DOUS DE SEMPRE (1934). / RETRINCOS (1934). / GALICIA MÁRTIR (1937). / ATILA EN GALICIA (1937). / MILICIANOS (1938). / SEMPRE EN GALIZA (1944). / OS VELLAS NON DEBEN DE NAMORARSE (1941). / AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA (1950).

